

ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA: *ORATORIA*. CURSO 2019/20

Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

IES AS BIZOCAS
DEPARTAMENTO DE INGLÉS

ÍNDICE

- 1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.**
- 2. Avaliación e cualificación.**
- 3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación)**
- 4. Información e publicidade.**

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.

Os estándares de aprendizaxe para a materia de Oratoria organízanse en torno á preparación e exposición do discurso persuasivo ademais dos valores e emocións vinculados a ese traballo. Ao ser tratados dun xeito global e non contemplar estándares de contidos concretos, xa se foron traballando todos durante as primeiras avaliacións e procuraremos seguir facéndoo do mesmo xeito, tentando salvar as dificultades que supón o traballo a distancia para certas actividades.

2. Avaliación e cualificación.

2.1. AVALIACIÓN: PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS.

Empregaranse como procedementos de avaliación **fichas de traballo e/ou probas de comprensión lectora, de produción de textos e exposición oral**, que se avaliarán a través das **rúbricas das competencias** implicadas nas mesmas e dos **apuntamentos** sobre a tarefa realizada.

2.2. CUALIFICACIÓN FINAL

(A) A avaliación final ordinaria será o resultado da **media entre a 1ª e a 2ª** avaliación.

(B) O alumnado que obteña un 5 ou máis no cómputo (A) poderá sumar ata 1 punto máis na av. final ordinaria entregando as tarefas/probas indicadas polo profesorado durante a 3ª avaliación, que en todo caso contarán exclusivamente dun xeito positivo.

(C) O alumnado que teña un 4 ou menos no cómputo (A) poderá recuperar ditas avaliacións entregando a tarefa correspondente e/ou facendo as probas que o profesorado considere necesarias. Esta nota será a nota final ordinaria, sempre en caso de que beneficie ao alumnado.

2.3. PROBA EXTRAORDINARIA DE SETEMBRO

Na **avaliación extraordinaria de setembro**, o alumnado deberá presentar un traballo seguindo as indicacións dadas pola profesora en xuño e será avaliado mediante as rúbricas de competencias que correspondan, sendo preciso acadar un 5 no cómputo global desta proba.

2.4. ALUMNADO DE MATERIA PENDENTE

Non temos alumnado coa materia de Oratoria pendente neste curso.

3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación)

3.1. ACTIVIDADES

A profesora correspondente a cada curso propondrá ao alumnado actividades diversas para reforzar, recuperar e ampliar contidos según o caso.

- Comprensión de diferentes tipos de textos (argumentativos, narrativos...)
- Práctica de expresión escrita
- Práctica oral nas aulas e/ou exposicións orais

Gran parte destas actividades serán de repaso e reforzo de contidos xa vistos durante o período de clases presenciais. Servirán tamén como recuperación para o alumnado que teña as avaliacións anteriores suspensas, podendo cada profesora engadir algunha tarefa ou proba específica para completar e xustificar a recuperación.

Alén disto, poderanse ampliar certos contidos que a profesora considere necesarios e facilmente abordables nesta situación, especialmente para o alumnado que está aprobado.

3.2. METODOLOXÍA (alumnado con e sen conectividade)

Ao comezo do confinamento o centro comprobou a conectividade de todo o alumnado: proporcionáronse ordenadores ás familias que o requiriron e

abordáronse os problemas de conexión á rede existentes, en colaboración nalgúns casos co Concello de O Grove ou coa Consellería de Educación.

Co cal, en principio estamos traballando vía internet con todo o alumnado. As tarefas cólganse na aula virtual, dentro do departamento de inglés (1º ESO) pero na maioría dos casos tamén empregamos o correo electrónico para ampliar información sobre as mesmas. Algunhas tamén se abordan durante a hora de videoconferencia semanal en Cisco Webex.

Ademais, existe unha axenda de tarefas para cada titoría, onde reflexamos a actividade semanal e contacto de cada materia.

3.3. MATERIAIS E RECURSOS

- Dispositivo con conexión a internet.

4. Información e publicidade.

4.1. INFORMACIÓN AO ALUMNADO E ÁS FAMILIAS

O envío de información e a interacción co alumnado realizarase por varias vías:

- **correo electrónico**, para envío de tarefas, resolución de dúbidas, seguimento...
- **aula virtual**, onde se colgarán as actividades semanais,
- unha **videoconferencia semanal** en Cisco Webex, para explicacións, interacción grupal, resolución de dúbidas, realización de exercicios/probas, etc.

Ademais informaremos semanalmente da tarefa e seguimento de cada alumno a **titores e titoras correspondentes**, para que lles poidan trasladar ás familias unha información completa a través da plataforma Abalar, correo electrónico ou por teléfono.

4.2. PUBLICIDADE

Toda a información relativa a esta materia estase a publicar na páxina web do centro, dentro do departamento de inglés, e así faremos con este documento unha vez rematado e aprobado polos membros do departamento.

As profesoras,

Fdo. M^a José Besteiro Boudón

Fdo. M^a del Mar Losada Díaz

A xefa do departamento,

Fdo. Marta Fernández Padín